

▶ Olga Novo abordou onte os arquetipos sexistas na xornada 'Sexo e obscenidade na tradición oral', celebrada en Lugo pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. O título do seu relatorio, 'Na cona da vella non manda ninguén', foi xa toda unha declaración de intencións.

«Sobre a vella sexuada cae o peso brutal do grotesco no cancionero»


POR: **MARTA VEIGA**
FOTO: **PEPE TEJERO**
mveiga@elprogreso.es

AS COPLAS populares falan de mozas ás que se lles esixe virtude e decencia e arremeten contra as sabichonas e lingoreteiras que ameazan a orde establecida e, sobre todo, contra as vellas que non renuncian á súa sexualidade. Olga Novo (A Pobra do Brollón, 1975) falou onte sobre todas elas na Biblioteca Pública de Lugo.

É a literatura oral misóxina? Temos por certo que o Antigo Réxime e as sociedades campesiñas foron bárbaras e opresivas, pero fóronno máis cá sociedade burguesa que chega desde o século XVIII? Sexa como for, a lírica popular semella moito máis explícita e menos pu-

por último, a vellez —sobre todo das mulleres— como identidade sexual escarnecida e denigrada pola súa infertilidade e inutilidade sociais: sobre a vella sexuada recae o peso brutal do grotesco e o maior grao de carnavalesización do cancionero. Todos estes casos, entre outros, constitúen verdadeiros fósiles ideolóxicos que, dun ou doutro xeito, permanecen aínda nas nosas sociedades, aínda que


Fóra prexuízos

 Non creo que a tradición oral sexa máis represiva cara ao sexo e aos roles de xénero cá sociedade burguesa»

cómpre sinalar que os estudos feministas puxeron de manifesto a interesada construción destes roles e denunciaron e evidenciaron o seu funcionamento, permitindo-nos realizar unha análise deses discursos sexofóbicos.

Un recente estudo da investigadora Ria Lemaire sinala que os trobadores da lírica medieval galegoportuguesa só foron transmisores dunha tradición lírica oral feminina

Reivindicación

 Este relatorio quere ser visibilizador dos discursos na tradición oral sobre a independencia de acción das mulleres»

anterior. Cal é a súa opinión?

Ata o momento non dispoñemos de evidencias da existencia de trobadoras na lírica galegoportuguesa, por máis que algunhas soñemos con tal posibilidade e mesmo o teoriceamos poeticamente, como tan exquisitamente fixo Luz Pozo. Agora ben, non é nova a teoría de que a memoria de ancestrais cantoras está presente na raíz das producións líricas occidentais, non só as galegoportuguesas, mais tamén sabemos que a alta cultura estivo en xeral reservada a unha elite masculina, unha cultura á que honrosas excepcións femininas tiveron acceso. Desde logo, mentres non teñamos proba documental, é difícil asignar a autoría real dos textos a mulleres cuxos

moito máis explícita e menos pudorosa cando se refire ao sexo...

A literatura oral, como reflexo especular do grupo social que a crea, insírese no pensamento patriarcal occidental, marcado nas súas máis diversas producións por unha profunda misoxinia. Non considero, non obstante, que os discursos da tradición oral sexan máis represivos no contante á sexualidade e aos roles de xénero cá sociedade burguesa na que o discurso oficial era atezador, como ben dis, desde o século XVIII, ou xa desde o XVII, como ben sinala na súa obra Mijaíl Bajtin. A lírica de tradición oral amosa unha maior naturalidade e diversidade pola súa conexión coa propia vida, onde as fronteiras son menos firmes. De feito, contamos con interesantes coplas de voz feminina cun claro carácter autoafirmador fronte ás imposicións da norma sociosexual.

No seu relatorio refírese aos arquetipos sexistas na literatura oral. Que arquetipos podería sinalar?

A presenza da virxindade como factor central que identifica o corpo da muller coa honra, coa honestidade e coa decencia, fronte á liberdade sexual masculina, ás veces mesmo manifestada desde discursos imperativos que denotan agresión —verbal e física—. Están logo as mulleres que se asoman e polo tanto se amosan: as mulleres ventaneiras, sabichonas, lingoreteiras que se aproximan á esfera pública adoitan ficar fóra da norma moral. Tamén os solteiróns e solteironas que incumpren a norma sociosexual central do casamento e os homes e mulleres que, co seu comportamento invirten os roles sexuais tradicionais. E



Olga Novo, onte na Biblioteca Provincial de Lugo.

sociedade burguesa»

acción das mulleres»

real dos textos a mulleres cuxos nomes non nos legou a historia e nin sequera afirmar con rotundidade o seu carácter popular.

Achega exemplos a literatura oral empoderadores para as mulleres?

Existen, en menor proporción cás producións de carácter máis misóxino, pero existen, o cal evidencia, como dicía, da fonda diversidade e plurivocidade dos discursos no seo dunha desordenada erótica galaica. O título da miña intervención, 'Na cona da vella non manda ninguén', quere ser, precisamente, unha visibilización deses discursos autoafirmadores e reivindicativos da independencia de acción e criterio das mulleres fronte á norma social e sexual.

En toda a tradición oral europea aparece a doncela guerreira —virgo bellatrix—, onde a protagonista se fai pasar por un home para ir á guerra. Este arquetipo pasou á escrita e mesmo á cultura pop en figuras como a Bradamante do 'Orlando Furioso', a Brienne de Tarth de 'Song of Ice and Fire' ou a Éowyn de 'O señor dos aneis'. Existe esta figura na narrativa oral galega?

Descoñezo a existencia desa figura na nosa tradición oral —se exceptuamos o romanceiro, que á unha realidade literaria que hai que estudar á parte e desde outros presupostos histórico literarios—. Nas nosas coplas populares hai homes que marchan á guerra e hai nais, mozas e mozos que lamentan o feito mesmo de ter que marchar para ir «servir ao rei», como é lóxico nunha produción emanada das clases subalternas alonxadas do poder. Eu, sen dúbida, prefiro as mulleres gozosas da paz ás guerreiras adornadas coas 'virtudes' bélicas.